

10

Viaxamos coa lingua?

Obxectivos desta unidade

Ofrecerse para facer algo

Ofrecer e pedir axuda, aceptala ou rexeitala

Pedir e ofrecer información: xestións administrativas e académicas sinxelas

Coñecemento do código

Medios e sistemas de comunicación

Administración, correos, servizos de atención ao cliente, formularios...

Expresións básicas de tratamento

Formas de pronomes tónicos en función de complemento

Usos de TI/VÓS, VOSTEDE/VOSTEDES

Acentuación II: graves





ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. A. Velaquí tes algúns consellos que propón o Instituto Galego de Consumo para gozar dunhas boas vacacións. Le as viñetas con atención.



- ▲ **Comproba detidamente os billetes** e se é necesaria confirmación; neles debe constar a orixe, o destino, as datas e as horas de saída e de chegada.



- ◀ **Nalgúns hoteis convén** entregar un sinal a cambio de recibir confirmación de reserva por escrito. Comproba que as reservas son firmes e foron aceptadas.



- ▲ **Chega sempre** aos hoteis, aeroportos e estacións con suficiente antelación para evitar sorpresas.



- ◀ **Leva algo de roupa** na equipaxe de man por se se perden as túas maletas.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

Guía de recomendacións para unhas boas vacacións.
Instituto Galego de Consumo. Xunta de Galicia (2007)



- ◀ **Leva os teléfonos** da axencia de viaxes, os teléfonos e enderezos de embaixadas e consulados ademais de tódolos folletos que che deran.



- ◀ **Xamais aceptes** levar equipaxe doutras persoas.

Cubre sempre as follas de reclamacións e queda cunha copia se durante a viaxe sufriches algunha incidencia. A presentación da reclamación non exclúe a posibilidade de exercer outro tipo de actuacións xudiciais ou administrativas.



- ▼ **Declara no aeroporto** se levas cousas de valor na túa equipaxe.

B. Despois de leres as recomendacións expostas, seguro que has querer saber como saír do paso destes desagradables incidentes. Une os problemas expostos cos xeitos de pedir axuda para solucionarlas.

Perda de documentación	Bos días/tardes/noites. Buscaba un punto de información onde me puidesen facilitar algúns teléfonos.
Facturación da equipaxe e embarque	Desculpe, impórtalle dicirme que papeis preciso para denunciar a perda do carné de identidade?
Confirmar a reserva nun hotel	Desexaría comprobar que a reserva do hotel é correcta e confirmala.
Desaparición da equipaxe	Poderíame dicir con canto tempo de antelación teño que estar no aeroporto?
Busca dunha oficina de información	Por favor, hai algún comercio preto onde poida mercar algúns produtos básicos?
Chegada ao destino sen roupa	Se fai o favor, as miñas maletas extraviáronse e quería saber como debo facer para recuperalas.



C. E vós, tivestes algún incidente por non seguireis algunhas destas recomendacións? Comentádeo (explícalle ao resto da clase o que che pasou).

[illegible]



GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS



2. A. Escoita as indicacións que a dependenta da axencia de viaxes está a facerlles aos seus clientes. Indica en que desprazamentos se emprega cada medio de transporte.

tren	ferri
avión	autobús

B. Coñeces algún medio de transporte máis? Neste barullo de letras aparecen 10 nomes máis, a ver se os ves.

A	N	O	R	S	A	L	L	I	E	Ñ	B	C	O
D	A	E	G	A	F	I	A	T	H	U	Z	V	T
M	P	A	L	F	U	A	Q	G	A	I	A	X	O
P	S	H	E	L	I	C	O	P	T	E	R	O	M
C	O	C	H	E	U	P	N	M	I	V	S	B	Q
L	U	A	G	H	M	O	M	R	T	V	X	E	A
Q	R	P	L	B	I	C	I	C	L	E	T	A	P
A	T	B	E	M	R	M	E	T	R	O	A	C	E
I	H	P	A	U	Ñ	O	R	V	S	A	E	I	R
V	U	C	A	R	A	V	A	N	A	S	P	C	A
N	I	L	M	A	U	T	O	M	O	B	I	L	S
A	R	E	Q	M	S	D	U	X	B	A	R	C	O
R	Ñ	O	R	A	P	R	A	I	Q	B	C	A	F
T	R	A	N	S	A	T	L	A	N	T	I	C	O

C. A viaxe que lles organizaron na axencia de viaxes estivo moi ben... pero ao chegar de volta, faltaba unha maleta. Esta é a conversa entre o persoal de atención ao cliente do aeroporto e os clientes. Pon atención ao lela e completa cos datos que poidas a folla de reclamación.

— Bos días, en que podo axudalo?

— Si, verá, acabamos de aterrar e non aparecen as nosas maletas.

— Entón o que vostedes desexan é poñer unha reclamación?

— Ben, nós o que hai que facer non o temos moi claro. Viñámonos informar de se temos que encher algún papel ou ir a obxectos perdidos, ou se temos que facer outra cousa...

— Mire, o que vostede precisa é encher esta folla de reclamación. É unha folla estándar e ten que especificar o motivo da reclamación. Necesita que lle axude a enchela?

— A ver, déixema aquí. Si, por favor, tería que axudarme.

— Non se preocupe, que é o meu traballo. Dígame entón.

— No primeiro punto, que lle poño?

— Aquí debe poñer o lugar: Aeroporto de Lavacolla, Santiago de Compostela. Pero deixe que xa o vou enchendo eu. Nome e documento de identidade?

— Serxio Gudiña Martín, 25399452-M.

— O seu enderezo de contacto?

— Rúa Mazarelos 21, código postal 15680, Ordes, A Coruña.

— Necesitaría tamén un teléfono de contacto.

— Claro, claro: 981 760 837.

— Ben, pois mire, nesta casa ten que escribir vostede os motivos da reclamación.

— E que poño?

— Pois o voo en que viaxaba, as características, como era a maleta, se tiña algo de valor, o peso... non sei, todos os detalles que lembre e poida especificar. Cantos máis datos mellor.

— Moitas grazas, foi vostede moi amable.

— Non hai de que, se precisa algunha outra cousa, non dubide en avisarme.



FOLLA DE RECLAMACIÓN

Nº 00066

1.

[lugar dos feitos, día e hora]

..... / /

Data

2.

[reclamante]

[D.N.I. pasaporte]

Enderezo

[rúa/praza]

[código postal]

[teléfono]

[localidade]

[provincia]

3. Reclamación

Axuda! No diálogo que acabamos de ler entre o persoal de atención ao cliente e o noso viaxeiro aparecían construcións para se ofrecer a axudar a alguén. Aquí tes algunha outra:

En que podo axudarte/axudalo?

Necesitas / necesita que o axude? Si, moitísimas grazas. / Non, grazas, moi amable.

Precisas / precisa algo? Si, por favor. / Non, non fai falta.

Bótoche / bóttolle unha man? Pois viríame moi ben, grazas. Non te molestes / non se moleste, podo eu só/a.

Para pedir axuda podemos utilizar as seguintes expresións:

Poderías / podería axudarme a...

Necesitaría que...

Farías / faría o favor de...

Ollo! Cando queremos tratar a unha persoa con respecto empregamos a 3ª persoa para dirixirnos a ela:

Desexa (**vostede**) algo? ⇔ Desexas algo?

Desexan (**vostedes**) algo? ⇔ Desexades algo?


Empregamos esta forma de tratamento como fórmula de respecto ou cortesía, con adultos, por seren descoñecidos ou de maior idade ca nós.

3. Estas persoas teñen algúns problemíñas. Que lles dirías ti para axudalas?
Imaxina as preguntas que lles farías e as respostas que eles che darían.
E ollo coas formas de tratamento!



a) Axudar a baixar da cama.

Queres que che bote unha man para baixares da cama?
Si, graciñas. É que con este colar non me movo moi ben.



b) Axudar a mover o coche para apartalo da vía.



c) Axudar a levar as caixas.



d) Axudar a botar as sabas.



e) Axudar a recoller as cousas que caeron.

4. Pepe e Almudena estiveron o verán pasado en Galicia. Durante as vacacións decidiron mandarlles algún detalle a amigos e familiares. Esta é a listaxe de agasallos que teñen que enviar dende a oficina de correos pero... que tipo de envío se adapta máis a cada un deles?:

- un cinseiro de Buño para a curmá de Italia
- un caderno con cuberta de coiro da feira medieval para o irmán de Almudena
- dúas postais para os amigos da República Checa
- un par de folletos da zona para o sobriño
- unha botella de licor para a cunhada de Portugal
- un libro de fotografías de Galicia que chegue a tempo para o aniversario da filla

Unha axuda co vocabulario

Acolchado: cunha capa de plástico e aire que absorbe os golpes.

Fráxil: que rompe con facilidade.

Prefranqueado: que non necesita selo porque xa o leva incorporado.

Ríxido: que non se dobra; teso.

- caixa tamaño medio, urxente
- paquete fráxil, internacional
- caixa especial para botellas de alta resistencia, internacional
- dous selos internacionais
- un sobre prefranqueado, nacional
- sobre acolchado ríxido, nacional



5. DOUTOR AMOR



A. Escoita a seguinte canción de The Homens "Uh, uh, uuhh!". O rapaz desta canción pídlle algunhas cousas á súa *toxic girl*. Con que forma verbal o fai? Selecciona as formas marcadas e indica a que infinitivo pertencen.

Uh, uh, uuhh!

Es o sol, **cégame**

Xa non quero volver ver

Son un flan, **aplástame**

Tenta poñer interese

Faime mal, **inféctame**

Dáme máis, **enfémame**

Ven bailar, es a miña *toxic girl*

Uh, uh, uuhhh!

Es o mar, **afógame**

Aquí no fondo estase ben

Son un can, **átame**

Hoxe teño ganas de roer

Faime mal, **inféctame**

Dáme máis, **enfémame**

Ven bailar, es a miña *toxic girl*

cégame > cegar

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....





B. Que farías se tes un problema semellante ao da canción coa túa parella?
Pídelle consellos ao teu compañeiro ou compañeira para que che indique
o que non debes facer e o que si debes facer.

A min non me
gusta saír de festa
e a ela si



Algúns problemas...

Non lle gusta que eu fume.

Eu sempre chegaba tarde.

A min non me gusta saír de festa e a ela/el si.

Non tiña detalles e nunca lle daba agasallos.

Sempre tiña que pagar eu.

Nunca o/a chamaba por teléfono.

.....

.....

.....

.....

E algúns consellos...

Debes + infinitivo / Non debes: Debes saír de festa con el/a algún día e tamén podes ir ao cine de vez en cando.

Procura + infinitivo / Procura non + infinitivo:
 Procura non esquecer as datas importantes para vós.

Intenta + infinitivo / non+ infinitivo: Intenta ter sempre pequenos detalles con el/ela.

Eu creo que podes + infinitivo / non podes + infinitivo:
 Eu creo que non podes ser tan egoísta.



FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

A ACENTUACIÓN II: As graves

As palabras graves levan acento cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* (*móbil*, *módem*, *láser*) e en grupos consonánticos distintos de *-ns*, como *tórax* ou *bíceps*.

Non se acentúan, xa que logo, as palabras graves rematadas en vogal, vogal + *n*, vogal + *s* ou vogal + *ns*.



6. Escoita con atención a lectura que a túa profesora ou profesor vai facer do seguinte texto e subliña nel as palabras graves:

Para viaxar sen diñeiro, mariñeiro

Viaxar barato é hoxe unha das maiores vantaxes que nos ofrece a internet. Todos nós coñecemos algunha páxina útil en que atopar ofertas de voos de avión moi económicos. O carácter máis aberto das nosas sociedades impúlsanos a coñecer exóticos lugares e culturas, cos que enchemos o noso album de fotos de coloridas paisaxes. Grazas a isto as distancias acúrtanse, as posibilidades de viaxar ampliáanse e visitar o noso paraíso soñado, antes só no poster do noso cuarto, parece máis fácil.

A. Das palabras graves que subliñaches, acentúa aquelas que, atendendo ás normas de acentuación vistas máis arriba, deban levar acento gráfico.



GALEGO EN ACCIÓN



7. VOLUNTARIADO DA UNIVERSIDADE

O voluntariado universitario é unha figura creada para facilitar a adaptación do novo alumnado nas universidades galegas; os acabados de chegar atópanse ante un contexto académico totalmente diferente ao que tiveran ata o de agora, polo que se pretende achegarlles a maior axuda posible para que o cambio sexa doado e a integración na comunidade universitaria sexa total: información sobre servizos, accións de formación e lecer. Deste xeito, explícaselles os usos da tarxeta universitaria, a figura do Valedor da Comunidade Universitaria, a do Servizo de Normalización Lingüística, o Campus Virtual, a oferta de cursos, as accións que organiza a Oficina de Voluntariado, a programación das áreas de Cultura e Deportes, os recursos e servizos da Rede de Aulas de Informática, bolsas, transportes e o Servizo Universitario de Residencias.



A. En grupos de tres imos facer un xogo de rol. Un ou unha do grupo vai ser o voluntario e o resto de vós os estudantes A e B que acaban de chegar á cidade. Primeiro presentádevos, o voluntario explica en que consiste a iniciativa e os estudantes comentaredes as vosas dúbidas. Como veredes, tedes que completar a información que vos falta coa axuda dos vosos compañeiros ou, no caso de serdes voluntarios, axudar a completala. E non esquezaades as distintas formas de ofrecer e pedir axuda.

Ola, eu son Piero. Son de Florencia e vou estar aquí un semestre. **Precisaba saber onde teño que dirixirme** para facer unha modificación da matrícula. Ah!, ademais **tamén necesito...**

FICHA VOLUNTARIO

Petición bolsa	Tes tres tipos principais de bolsas: da universidade, da Comunidade e mais do Estado. Necesitas cubrir un impreso e presentar a túa documentación: expediente académico, matrícula e datos persoais.
Reserva residencia	Na vicerreitoría publícanse as bases e segundo o baremo que marquen, os criterios de admisión e as prazas adxudicaráselle ou non. Se á saída vés comigo , ensinarelle onde está.
Busca alugueiro	Existen taboleiros nas aulas de estudantes (lugar de reunión das organizacións estudantís) onde poderás atopar anuncios.
Localizar fotocopiadora	Hai unha fotocopiadora en cada centro universitario. Nos paneis de información da entrada verala indicada. Se inda así non atopas ningunha, pregúntame a min .
Horarios de transporte urbano	Normalmente aparecen nas marquesiñas, pero se queres un horario podes descargalo da páxina web da empresa ou recollelo nun punto de información da cidade. Son as casetas azuis que están na alameda e na zona antiga.
Pagamento taxas	Danche moitas posibilidades de pagamento: • Nun só prazo, a ingresar nos 10 días hábiles seguintes á realización da matrícula. • Fraccionado en 3 prazos. • Mediante domiciliación bancaria. • Pagamento con tarxeta de crédito (exclusivamente para aqueles que se matriculen pola internet).

FICHA VOLUNTARIO	
Modificación matrícula	Tes varios prazos para facela, o normal é a finais de outubro. Se as materias son do segundo cuadrimestre, aínda podes modificala en marzo, e incluso poderás ampliar a matrícula con materias de libre elección e optativas. Pero pon atención, porque as modificacións e ampliacións de matrícula estarán suxeitas ás limitacións e impedimentos establecidos na convocatoria de matrícula e nos plans de estudo.
Elección materias optativas	Para que a túa elección de optativas teña certa lóxica no currículo académico, divide as optativas para que polo menos o 50% dos créditos sexan de optativas específicas da túa especialidade. Consulta connosco para orientármoste nos diferentes perfís formativos para que consigas o que ti desexes cursando os créditos optativos e de libre configuración entre un grupo concreto de materias.
Carné universitario e/ou de biblioteca	Se te achegas á oficina do teu campus, cunha foto de carné e cobres o formulario poderás obter a tarxeta. Levándoa connosco poderedes acceder a servizos como: • Credencial universitaria. • Acceso a ordenadores persoais. • Xestións personalizadas a través da páxina web da universidade. • Moedeiro electrónico. • Obtención de descontos ou vantaxes ofrecidos por distintas empresas ao colectivo universitario. • Descontos no transporte urbano. • Descontos en comercios.

FICHA ESTUDANTE A	
Pedimento bolsa	Tes tres tipos... Necesitas cubrir un impreso e presentar a túa documentación: expediente académico, matrícula e datos persoais.
Reserva residencia	Na vicerreitoría publícanse as bases. Os criterios de admisión son Se á saída vés comigo, ensinareiche onde está.
Busca alugueiro	Existen taboleiros en... .. onde poderás atopar anuncios.
Localizar fotocopiadora	Hai unha fotocopiadora... Nos paneis de información da entrada verala indicada. Se aínda así non atopas ningunha, pregúntame a min.





FICHA ESTUDANTE A

Horarios de transporte urbano

Normalmente están en

.....

.....

pero se queres un horario podes descargalo da páxina web da empresa ou recollelo nun punto de información da cidade. Son as casetas azuis que están na alameda e na zona antiga.

Pagamento taxas

Danche moitas posibilidades de pagamento:

-
-
- Fraccionado en 3 prazos.
-
-
- Pagamento con tarxeta de crédito (exclusivamente para aqueles que se matriculen pola internet).

Modificación matrícula

• Tes varios prazos para facela, o normal é a finais de outubro. Se as materias son do segundo cuatrimestre, aínda podes modificala en marzo, e incluso poderás ampliar a matrícula con materias de libre elección e optativas. Pon atención en...

.....

.....

Elección materias optativas

Para escollelas con lóxica... ..

.....

.....

Consulta **connosco** para orientármoste nos diferentes perfis formativos para que consigas o que ti desexes cursando os créditos optativos e de libre configuración entre un grupo concreto de materias.

Carné universitario e/ou de biblioteca

Se te achegas á oficina do teu campus, cunha foto de carné e cobres o formulario poderás obter a tarxeta. Levándoa **convosco** poderedes acceder a servizos como:

-
- Acceso a ordenadores persoais.
- Xestións personalizadas a través da páxina web da universidade.
-
- Obtención de descontos ou vantaxes ofrecidos por distintas empresas ao colectivo universitario.
-
-

FICHA ESTUDANTE B	
Pedimento bolsa	Tes tres tipos principais de bolsas: da universidade, da Comunidade e mais do Estado. Necesitas...
Reserva residencia	Publícanse as bases en... e segundo o baremo que marquen, os criterios de admisión e as prazas adxudicaráselle ou non. Se á saída vés comigo, ensinareiche onde está.
Busca alugueiro	Atoparalos en... .. das aulas de estudantes (lugar de reunión das organizacións estudiantís)
Localizar fotocopiadora	Hai unha fotocopiadora en cada centro universitario. En... verala indicada. Se aínda así non atopas ningunha, pregúntame a min.
Horarios de transporte urbano	Normalmente aparecen nas marquesiñas, pero tamén podes atopalo... Son as casetas azuis que están na alameda e na zona antiga.
Pagamento taxas	Danche moitas posibilidades de pagamento: • Nun só prazo, a ingresar nos 10 días hábiles seguintes á realización da matrícula. • • Mediante domiciliación bancaria
Modificación matrícula	Os prazos son... Pero pon atención, porque as modificacións e ampliacións de matrícula estarán suxeitas ás limitacións e impedimentos establecidos na convocatoria de matrícula e nos plans de estudo.



FICHA ESTUDANTE B

Elección materias
optativas

Para que a túa elección de optativas teña certa lóxica no currículo académico, divide as optativas para que polo menos o 50% dos créditos sexan de optativas específicas da túa especialidade. Consulta **connosco** para orientármote nos diferentes perfís formativos para que consigas o que ti desexes facendo...

.....

.....

Carné universitario
e/ou de biblioteca

Se te achegas á oficina do teu campus, cunha foto de carné e cobres o formulario poderás obter a tarxeta. Levándoa **convosco** poderedes acceder a servizos como:

- Acceso a ordenadores persoais.

-

-

- Moedeiro electrónico.

-

- Descontos no transporte urbano.

- Descontos en comercios.

Na fichas da actividade anterior aparecían nunha serie de palabras marcadas en grosa. Trátase dunha forma especial dos pronomes persoais tónicos en función de complemento.

NÚMERO	PERSOA	SUXEITO	COMPLEMENTOS	
SINGULAR	1ª	eu	min	comigo
	2ª	ti		contigo
	3ª	el, ela	si	_____ consigo
PLURAL	1ª	nós, nosoutros/-as		connosco
	2ª	vós, vosoutros/-as		convosco
	3ª	eles, elas	si	_____ consigo

Estas formas de pronome persoal tónico utilízanse cando van precedidas dunha preposición: *Pregúntame a min*. Aínda que hai formas en que a preposición xa vai ligada á forma do pronome: *Consulta connosco*.



CONTIDO SOCIOCULTURAL

LETRAS, MÚSICA E REDE



8. Cantas escritoras e escritores galegos coñeces?

Saberías dicir o título dalgunha novela galega actual? E recitar algúns versos en galego? Entre toda a clase intentade responder estas preguntas. Para quen non ten segredos a nosa literatura?

Como sabes, a Guerra Civil española (1936-1939) supuxo para Galicia a entrada nunha época de persecución e prohibición da nosa lingua e cultura. Un escritor galego denominou este período como a *Longa noite de pedra* debido a este parón que nos impuxo a negra posguerra e, en xeral, todos os anos da ditadura (1939-1975).

Por iso, a medida que nos fomos achegando ás liberdades da democracia chegaron tamén aires novos para as nosas letras. Por unha banda estaban os autores que decidiron tomar a palabra para lanzar protestas políticas e sociais que antes non podían facer; pola outra os que querían probar novas experiencias literarias en galego.

Non faltaron os posmodernos, as reivindicacións identitarias, as máis atrevidas, os premios literarios, os recitais ou as modas. Durante os anos 80, por exemplo, abundaban os recitais en locais culturais, sociais ou mesmo nos *pubs*. A literatura saíu á rúa e fíxose maior.

Máis recentemente, non esquece que somos un país de navegantes e sae tamén a navegar pola gran rede: a internet!! Hai múltiples casos disto, dende información sobre os autores e autoras (<http://bvg.udc.es/>), ata críticas e información en xeral (<http://www.culturagalega.org/lg3/> ou <http://bretemas.blogspot.com>) ou incluso experiencia de publicacións na rede. Exemplos disto son algúns libros que antes se publicaron na internet (como *work in progress*) e logo en papel (*Anxos de garda* de Anxos Sumai, *O Leo e o seu Hai cu*, etc) ou o libro electrónico *Estibaliz* Espinosa nos *Textos biónicos*, etc.). Sen esquecer que os músicos tamén axudaron a facer máis popular a poesía tanto dos autores clásicos coma dos actuais.




FANNY ALEXANDER
Finais dos 70s, comezos dos 80s



Un exemplo de poesías musicadas pódolo escoitar no enderezo <http://www.myspace.com/fannyalexander>

10. LETRAS E REDE

A. Un exemplo de libro nacido na internet é a obra de Leonardo Fernández Campos *Hai cu*, que primeiro foi o blog <http://haicu.blogspot.com>. Nel podes ler haikus coma estes:

**Conversa nai-pai**

—Ai! -Que hai?
—Muito
e mal repartido

Ti, rapás/asa, es mundial!

O universo
aseméllaselle un mundo
a Galiza

Todos os Santos

Non pode ser
que haxa máis galego-falantes
no cemiterio
. ca na aldea

Significado denotativo

Amor, sexo, beleza?
Intelixente, sensible, tenra?
Revoluciónasme o dicionario

Cuarta dimensión

Enormiño
Diminutazo
O noso amor

Idiosincrasia matria

A min ghústame o meu traballo,
pero se non mo paghan
non me divirto

B. Sabes o que é un haiku? Se non é así, pídelles á túa profesora ou profesor que che dea algunhas pistas.

C. Agora que xa o sabes, escolle polo menos 2 destas palabras que saen no poema musicado e compón ti algún haiku.

palabras	saber
paisaxes	despois
sorriso	lingua
viaxen	maneira
corpo	momentos



11. A amizade demostrase nos momentos difíciles. Aquí tes unha proba para demostrar a túa. Le a mensaxe electrónica que che enviou Carolina, a túa compañeira, e contéstalle asesorándoa para solucionar a súa situación ou para a próxima ocasión que lle suceda algo coma o que conta.

★
María a usuario
 Máis opcións
12-se (2 días antes)

Ola moza,

Non sabes o mal que o estou a pasar... Se isto son vacacións, prefiro volver ao choio! Hoxe á mañá, nada máis desembarcar, non aparecía a miña maleta. Imaxina, toda a miña roupa nova, a que merquei para a viaxe, perdida; e a cámara de fotos e as cousas de aseo... todo! Menos mal que levaba comigo a documentación. Andei ás voltas por toda a cidade durante tres horas ata que por fin dei co hotel, parece que querían agachalo. Ademais como non coñezo nada, o taxista que collín como solución final cobroume de máis e paseoume por onde el quixo. No hotel esperábanme inda máis sorpresas: non aparecía o meu nome nas reservas. Como pode ser iso? Pero se fixen a reserva pola internet con tres meses de antelación? Teño ganas de que rematen as vacacións.

Bótote de menos,
Carolina

Foto.JPG
 599K [Visualizar como HTML](#) [Descargar](#)

[Responder](#)
[Reenviar](#)
[Invitar a](#)

★
Alumno a usuario
 Máis opcións
12-se (2 días antes)

Foto.JPG
 599K [Visualizar como HTML](#) [Descargar](#)

[Responder](#)
[Reenviar](#)
[Invitar a](#)

CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

Comprender

Falar

Ler

Escribir

Que aprendín:

Que teño que repasar:

Que sei facer en galego nas catro habilidades:

Comprender:

Falar:

Ler:

Escribir:
